

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E O CONCELLO DE BANDE PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO TERMAL DE NOVA PLANTA NO TERMO MUNICIPAL DE BANDE (OURENSE)

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2023

REUNIDOS:

Dona _____, conselleira de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 67/2023, do 14 de xuño, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra parte, Dona _____, alcaldesa do Concello de Bande, nomeada no Pleno de constitución o día 17/06/2023, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o artigo 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ambas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN:

Primeiro.- De conformidade co artigo 103.1 da Constitución Española, a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Seguindo este mandato constitucional, cómpre impulsar políticas públicas de cooperación interadministrativa en especial na posta en valor dos recursos locais que teñen un impacto directo na calidade de vida das persoas e das colectividades.

Segundo.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.



O actual contexto de austeridade e control do gasto público no que se desenvolve a actuación do conxunto das administracións obriga a activar mecanismos de colaboración e cooperación tendentes á xestión eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de garantir a prestación de servizos á cidadanía en condicións de calidade e igualdade.

Terceiro.- Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en relación coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscrición de convenios.

Cuarto.- O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, establece que as Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Pola súa banda, o apartado 7 do mesmo artigo puntualiza que cando un convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento.

Quinto.- O Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (en adiante CEII), configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións nos ámbitos de promoción e dinamización da actividade mineira e do aproveitamento dos recursos minerais.

As competencias en materia de minas están atribuídas á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia, entre os que se encontran as augas minerais e termais.

Sexto.- Segundo dispoñen os artigos 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80.1 da LALGA, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, os municipios poderán promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Sétimo.- O Concello de Bande conta cuns recursos termais únicos situados na beira do encoro das Conchas, nunha zona de enorme riqueza paisaxística e patrimonial, así como de singular interese turístico, con recursos culturais tan importantes



como o complexo arqueolóxico Aquis Querquennis, declarado ben de interese cultural.

No ano 2019, a entón Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Concello de Bande, subscribiron un convenio co obxecto de regular a colaboración entre ambas administracións, para elaborar os proxectos técnicos e realizar as infraestruturas hidráulicas necesarias que permitisen o acceso continuo para a toma de mostras ás augas quentes de Bande, localizadas na beira do encoro das Conchas.

No ano 2021, asinouse un novo convenio mediante o cal se regulou a colaboración entre a entón Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e o Concello de Bande, para a realización de toma de mostras e a elaboración de informes necesarios para obter o recoñecemento legal da súa condición mineiro-medicinal e termal.

Mediante resolución do 05/07/2022, o director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, por delegación do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Orde do 21/03/2022, DOG nº 63 do 31/03/2022), declarou a condición de mineromedicinal e termal, cos condicionantes establecidos nos informes do IGME do 26/11/2021 e do 29/11/2021, así como no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 23/03/2022, das augas procedentes da captación "O Baño", no termo municipal de Bande, coas seguintes coordenadas UTM (ETRS 89) fuso 29: X: 584.344 e Y: 4.648.005. A devandita resolución publicouse no DOG o día 04/08/2022.

Tendo en conta o anterior, o Concello de Bande considera necesario levar a cabo a construción dun centro termal de nova planta, que permita poñer en valor e aproveitar racionalmente a zona, co obxecto de mellorar a situación socioeconómica do municipio mediante o fomento do turismo sustentable, e contribuír a frear o despoboamento do rural.

A tal fin convocou un concurso aberto de proxectos, a nivel de anteproxecto, do que resultou gañadora a proposta arquitectónica baixo o lema "Cyclopeus", dos autores Marta Trigás Arias, Xavier Boted Campderrós e Albert Saboya Cabestay. Nas bases administrativas e técnicas que rexeron a dita convocatoria, preveuse a posibilidade de adxudicar o correspondente contrato de servizos de redacción do proxecto técnico e de dirección de obra, ao concursante autor da proposta gañadora.

O mantemento dun marco orzamentario estable limita as posibilidades do concello para afrontar en solitario os compromisos económicos derivados da adecuación do entorno e a construción do equipamento termal.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican a colaboración por parte da Xunta de Galicia coa Administración municipal para facer posible a efectiva consecución do dito obxectivo.

Oitavo.- Consonte ao anterior, co obxecto de redactar un proxecto básico e de execución que sirva de base para a construción dun centro termal de nova pranta



que permita poñer en valor e aproveitar racionalmente os recursos hidroxeolóxicos localizados na beira do encoro das Conchas, no municipio de Bande, a CEII e o Concello de Bande acordan subscribir este convenio de colaboración segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e descrición das actuacións

Este convenio ten como obxecto regular a colaboración entre a CEII e o Concello de Bande, coa fin de financiar a redacción dun proxecto básico e de execución para a construción dun centro termal na beira do encoro das Conchas.

O devandito proxecto estará baseado na proposta arquitectónica con denominación CYCLOPEUS, que resultou gañadora do concurso de proxectos, a nivel de anteprojecto, convocado polo Concello de Bande e cuxa autoría corresponde a Marta Trigás Arias, Xavier Boted Campderrós e Albert Saboya Cabestay, consonte ao sinalado nas bases administrativas e técnicas da dita convocatoria.

Segundo as especificacións previstas nesta proposta, o centro traballará en diferentes escalas, as dimensións históricas, paisaxísticas e de saúde do emprazamento, que contará con dúas zonas termais (interior e exterior), cun espazo destinado á prestación de servizos de hostalería e unha zona de estacionamento de vehículos.

Non constitúen o obxecto deste convenio as actuacións posteriores de dirección e execución das obras de construción, nin ningunha outra actuación ulterior para o seu eventual aproveitamento futuro.

Segunda.- Interese público concorrente

Nos termos descritos na parte expositiva, o proxecto cuxa redacción constitúe o obxecto deste convenio, ten como finalidade última a posta en valor polo Concello de Bande dos seus recursos hidroxeolóxicos, a súa explotación racional, o fomento do turismo termal sustentable na zona e a mellora da situación socioeconómica do municipio, logo quedan acreditadas as razóns do interese público desta actuación.

Segundo o artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de maneira directa, con carácter excepcional, (...) aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

A Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, recolle no seu artigo 25 que se concederá o dereito preferente ao aproveitamento das augas minerais a quen fora propietario destas no momento da declaración mineral, e que os mananciais ou alumeamentos que se atopen en terreos de dominio público, corresponderá á persoa que houbera



instado o expediente para obter a declaración da condición mineral das augas. No presente caso, a titularidade dos terreos sobre os que son precisas estas actuacións, corresponde ao Concello de Bande, logo non é factible subvencionar a actuación a ningunha outra entidade dificultando a súa convocatoria pública, e xustifica a concesión desta axuda a través do procedemento de concesión directa.

Terceira.- Custo das actuacións

Para a execución das actuacións obxecto do convenio estímase o seu custo total en **CINCUENTA MIL OITOCENTOS VINTE EUROS (50.820,00 €)**, IVE incluído, segundo a desagregación que con carácter meramente estimativo, figura na memoria económica que se xunta como Anexo ao presente convenio.

Cuarta.- Obrigas da CEII

1.- Para o financiamento das actuacións que constitúen o obxecto deste convenio de colaboración, a Xunta de Galicia, a través da CEII, achegará, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023, **CORENTA MIL SEISCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS (40.656,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.734A.760.2 "Valorización recursos nos concellos", na que existe crédito adecuado e suficiente para tal fin.

2.- No suposto de que se produzan variacións á alza no custo final das actuacións, calquera que sexa a causa, ditas variacións serán asumidas integramente polo Concello de Bande, sen que en ningún caso a achega da CEII exceda da cantidade indicada.

3.- No suposto de que se produzan variacións á baixa no custo final das actuacións derivadas dos procedementos de licitación ou doutras causas, a achega da CEII non superará o custo final das actuacións.

Quinta.- Carácter da achega

De conformidade co disposto nos artigos 19.4 e 26 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega referida na cláusula anterior, constitúe unha subvención de concesión directa xustificada en razóns de interese público de conformidade co exposto na cláusula segunda do presente convenio.

Sexta.- Obrigas específicas do Concello de Bande

1.- Ao Concello de Bande correspóndelle realizar todas as actuacións necesarias para a execución do obxecto deste convenio, incluíndo a tramitación dos procedementos de contratación e a licitación da redacción dos proxectos e documentos técnicos necesarios.

En consecuencia, o Concello de Bande licitará, adxudicará e xestionará os contratos necesarios para a execución deste convenio, ata a terminación definitiva ou execución total das actuacións que constitúen o obxecto do convenio.



Para estes efectos, o Concello de Bande poderá subcontratar a totalidade das actuacións que constitúen o obxecto deste convenio actuando como órgano de contratación, sen prexuízo do cumprimento do establecido no artigo 27 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade coa normativa reguladora da contratación do sector público.

Será responsabilidade exclusiva do Concello de Bande a obtención dos informes, autorizacións, concesións, licenzas ou permisos que deban ser emitidos ou outorgados polas distintas administracións competentes para a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

2.- A maiores, e sen prexuízo das demais obrigas especificadas nas cláusulas deste convenio así como das obrigas que resulten da lexislación orzamentaria, de réxime local e da restante normativa aplicable, o Concello de Bande comprométese a executar as actuacións descritas na cláusula primeira nos termos seguintes:

- a) Destinar os fondos que perciba ao obxecto concreto deste convenio, executar as actuacións e infraestruturas obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
- b) Financiar con fondos propios ou outras axudas ou subvencións procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, a contía restante non financiada pola Consellería de Economía, Industria e Innovación.
- c) Xustificar ante a Xunta de Galicia o cumprimento do convenio e a execución das actuacións e infraestruturas que constitúen o obxecto deste así como o seu custo real, no tempo e na forma establecidas neste convenio.
- d) As restantes obrigas que resulten aplicables recollidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo das cláusulas deste convenio.

Sétima.- Obrigas previas á sinatura do convenio

1.- Con carácter previo á subscripción deste convenio, o Concello de Bande acreditará, ante a CEII, que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se contempla no artigo 14.1 e) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 11.e) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta acreditación poderá ser substituída pola autorización á CEII para solicitar as ditas certificacións de estar ao corrente ou ben por unha declaración responsable de quen ostente a representación da entidade local, consonte o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.- Declaración responsable de atoparse ao corrente no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos do artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



3.- Así mesmo, tamén con carácter previo á sinatura do convenio, o Concello de Bande acreditará o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Oitava.- Obtención doutras subvencións ou recursos

1.- O Concello de Bande comunicarlle á CEII a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións obxecto deste convenio así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a subscripción do convenio e a concesión da achega económica. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza o financiamento e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da subvención. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación do convenio.

2.- O importe financiado en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das actuacións desenvolvidas.

Novena.- Facultades de inspección e control

1.- A CEII poderá levar a cabo as actividades de inspección e comprobación que considere oportunas para controlar o cumprimento do obxecto e das obrigas deste convenio.

2.- Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, a entidade beneficiaria estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas. Para estes efectos, o Concello de Bande deberá prestar a súa colaboración e facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións.

Décima.- Transparencia e publicidade da colaboración

1.- As partes asinantes deste convenio consenten expresamente o tratamento dos datos relevantes deste convenio, incluídos os datos de carácter persoal, e a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e/ou na páxina web da CEII, de acordo co establecido na normativa reguladora das subvencións e na normativa sobre transparencia e goberno aberto, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como, no seu caso, na Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.



2.- Do mesmo xeito, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, as partes asinantes deste convenio consintan expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes nos rexistros públicos que proceda.

3.- No lugar de execución das actuacións así como en todas as actuacións divulgativas das mesmas farase constar, nun lugar destacado, a colaboración da CEII e utilizaranse, cando proceda, a imaxe corporativa institucional da Xunta de Galicia. No lugar de execución das actuacións, as medidas de publicidade do financiamento recibido consistirán, como mínimo, nun cartel explicativo permanente nunha localización facilmente visible.

Décimo primeira.- Relación laboral coa consellería

A subscrición deste convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades ou executar ou dirixir as obras ou actuacións obxecto deste convenio e a Xunta de Galicia, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Décimo segunda.- Conta xustificativa

1. O pagamento da achega económica da CEII realizarase unha vez xustificadas as actuacións obxecto do convenio, logo da presentación por parte do Concello de Bande da seguinte documentación acreditativa da súa execución:

- Memoria xustificativa das actuacións desenvolvidas, asinada por persoa técnica competente, na que se especificarán en detalle as actividades realizadas e a cal se acompañará un exemplar do proxecto elaborado.
- Certificación detallada dos gastos expedida pola intervención municipal na que se faga constar a toma de razón en contabilidade do gasto realizado e o cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a achega, con especificación dos conceptos e importes executados e das correspondentes facturas con identificación do/a acredor/a, número de factura e data de emisión así como as datas de recoñecemento da obriga e de pagamento.
- Certificación expedida polo secretario/a do Concello, co visto e prace do alcalde, relativa a:
 - O cumprimento da finalidade e do obxecto do convenio
 - Relación de procedementos de contratación levados a cabo para a execución das actuacións obxecto deste convenio, identificación dos contratos asinados e dos seus principais datos incluíndo o importe das adxudicacións, e acreditación de que na tramitación,



contratación e execución das obras e demais actuacións cumpríuse a normativa en materia de contratación do Sector Público así como a normativa específica de aplicación no ámbito local, detallando a efectiva achega de tres orzamentos nos supostos nos que proceda en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia.

- A aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención.
 - Declaración responsable asinada pola persoa representante da entidade local referida á obtención doutras subvencións, axudas o recursos que financien as mesmas actividades obxecto do convenio, acreditando o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.
 - Declaración responsable asinada pola persoa representante da entidade local consonte o Concello non é debedor por resolución de procedemento de reintegro de subvencións públicas.
 - Acreditación de que o Concello de Bande se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma mediante certificacións, autorización á CEII para solicitar as ditas certificacións de estar ao corrente ou declaración responsable de quen ostente a representación da entidade local, consonte o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Consideraranse subvencionables os gastos que respondan de xeito indubidable á natureza da actuación subvencionada. Considerarase gasto realizado, de acordo co artigo 29.2 da Lei de Subvencións de Galicia, o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de vixencia do convenio.
3. O concello terá de prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención ata o 12 de decembro de 2023.

Décimo terceira.- Perda do dereito ao cobramento

Producirase a perda do dereito do Concello de Bande ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou no suposto de concorrencia dalgunha das causas previstas no art. 33 da Lei de subvencións de Galicia que resulten aplicables.

Décimo cuarta.- Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes, de conformidade co procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei



9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia que resulten aplicables e, ademais, nos seguintes supostos:

- a) Exceso de financiamento da CEII en execución deste convenio, procedendo o reintegro polo importe pagado que supere o custo das actuacións desenvolvidas.
- b) Incumprimento das obrigas do Concello de Bande recollidas ao longo deste convenio, cando así se estableza.

Décimo quinta.- Comisión de seguimento

1.- Para facilitar a coordinación entre as partes asinantes e o seguimento da execución do obxecto do convenio e do cumprimento das súas cláusulas, constituirase unha comisión de seguimento integrada por:

- a) Dous representantes do Concello de Bande
- b) Dous representantes da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

2.- As funcións da comisión serán:

- a) Facilitar a coordinación entre as partes asinantes
- b) Seguimento da execución do obxecto do convenio e do cumprimento das súas cláusulas
- c) Interpretación do convenio e resolución de dúbidas
- d) Proposta, de ser o caso, de addendas
- e) Calquera outras relacionadas co desenvolvemento e bo fin deste convenio

Décimo sexta.- Extinción do convenio e causas de resolución

1.- Este convenio extínguese polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2.- Son causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial do obxecto do convenio así como o incumprimento de calquera das cláusulas e obrigas establecidas nel.
- b) O acordo unánime das partes asinantes.
- c) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- d) Calquera outra causa previstas nas leis

De resolverse o convenio, a CEII poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Décimo sétima.- Vixencia do convenio



1.- Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 12 de decembro de 2023

2.- Este convenio é susceptible de prórroga sempre que, antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, as partes asinantes tramiten e subscriban a correspondente addenda.

Décimo oitava.- Natureza xurídica e réxime xurídico

1.- Este convenio ten natureza administrativa de conformidade coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, consonte aos seus artigos 4 e 6, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

2.- Este convenio rexerase polas súas propias cláusulas e está suxeito ao disposto no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares publicado mediante a resolución da CEII do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), así como ao disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

3.- En todo o non previsto expresamente neste convenio, o réxime da subvención que a través del se instrumenta será o establecido nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 21 de xullo, e do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento autonómico que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nas demais normas de dereito administrativo.

4.- As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas, logo do informe ou proposta da comisión de seguimento, pola CEII, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Lido este documento, e en proba de conformidade, asínase polas partes, en duplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.

A conselleira de Economía, Industria e Innovación

A alcaldesa do Concello de Bande



ANEXO

MEMORIA ECONÓMICA ESTIMATIVA

O custo total das actuacións obxecto do convenio (cláusula terceira) estímase en CINCUENTA MIL OITOCENTOS VINTE EUROS (50.820,00 €), IVE incluído, segundo o seguinte detalle que ten carácter estimativo:

Unidade de traballo	Prezo sen IVE	IVE (21%)	Prezo con IVE
Proxecto básico	17.041,32	3.578,68	20.620,00
Proxecto de execución	20.000,00	4.200,00	24.200,00
Levantamento topográfico asociado ao proxecto	1.100,00	213,00	1.331,00
Estudo xeotécnico asociado ao proxecto	2.400,00	504,00	2.904,00
Gastos de asesoría e consultoría técnica asociados ao proxectos	1.458,68	306,32	1.765,00
TOTAIS	42.000,00	8.820,00	50.820,00